

SEPE. NON HAI TANTA IGUALDADE COMO PENSAMOS

O SEPE facilitou diferentes datos do persoal desagregados por sexos. De todos os xeitos, houbo que pedir que amplien a información porque por exemplo, non estaban desagregados os postos directivos que estaban ocupados por homes e por mulleres, non viñan os datos diferenciados por provincias...

Da información facilitada podemos dicir o seguinte:

- A porcentaxe de mulleres segue sendo superior á de homes en todos os tramos de idade cunha porcentaxe aproximada de 65 % mulleres e 35 % homes. Esta diferenza aumenta de forma chamativa entre o persoal interino, onde as mulleres supoñen o 82%. Isto reflicte que na Administración, ó igual que na empresa privada, as mulleres son a maioría nos contratos precarios.
- Tamén obsérvase que as mulleres ocupan unha porcentaxe maior nos subgrupos baixos que nos altos.
- No reparto da produtividade por maior dedicación, a que se reparte discrecionalmente, aínda que a perciben máis mulleres que homes, esta diferenza non é proporcional ó número de mulleres e homes que ten ó organismo, e dicir, deberían cobrala máis mulleres.
- Nas medidas de conciliación podemos observar que pese a que todas e todos somos moi feministas, o coidado dos fillos, fillas e demais familia segue sendo cousa de mulleres.

Desta información despréndese que a igualdade non é tanta como as veces pensamos. Por ese motivo, debemos seguir loitando por una igualdade real e efectiva tamén na Administración.